

**Exp. 2019/G010/000008**

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO DÍA 02.10.2019**

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 9 horas e 35 minutos do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente do pleno baixo a presidencia do Alcalde, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros cuxos nomes á marxe se relacionan :

### **ASISTENTES:**

#### Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

#### Concelleiros/as:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).

José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).

Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)

Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)

Ángel López Fidalgo (PP).

### **AUSENTES:**

#### Concelleiros/as:

Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).

María Jesús García Souto (PP).

#### Secretaria:

Elena González López

## **ORDE DO DÍA**

### **PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN PLENARIA**

O Sr. Alcalde expón o motivo da urxencia da sesión de acordo co decreto da convocatoria que literalmente di:

*"Asunto: Convocatoria Sesión Extraordinaria e Urxente do Pleno.  
Modificación orzamentaria 2/2019 e Recoñecemento extraxudicial de  
créditos.*

---

O 30.09. 2019, tivo lugar a sesión extraordinaria da Comisión informativa especial de Contas e Facenda na que se ditaminou favorablemente a aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria 2/2019 e o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2019.

A xustificación da urxencia da convocatoria é a de realizar os trámites administrativos necesarios que permitan o pagamento de facturas do ano 2018 e 2019 a maior brevidade posible, tendo en conta que debido a un erro no programa contable quedaron facturas sen meter no expediente modificativo de crédito aprobado o 08.08.2019.

De conformidade co establecido no artigo 80 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

#### RESOLVO

**PRIMEIRO.** Convocar a sesión extraordinaria e urxente do pleno a celebrar o mércores 2 de outubro de 2019 ás 09.30 horas na primeira convocatoria, e no seu defecto, quedará convocada automaticamente para dous días hábiles despois, á mesma hora, en segunda convocatoria.

**SEGUNDO.-** Establecer a seguinte **ORDE DO DÍA**:

1. APROBACIÓN D A URXENCIA DA SESIÓN PLENARIA.
2. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 2/2019, POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.
3. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECAMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2019.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente Resolución aos Sres./as Concelleiros/as membros do órgano colexiado, advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir a dita sesión.

**CUARTO.-** Que pola Secretaria-Interventora se poña a disposición dos Sres./as Concelleiros/as a documentación dos asuntos incluídos na orde do día.

**QUINTO.-** Dar conta ao pleno na vindeira sesión que celebre.”

O Alcalde explica o motivo da urxencia e cede a palabra ao Sr. López Fidalgo, que sinala que votará en contra porque o asunto non se tratou no pleno do luns.

O Alcalde explica que as propostas se someteron a ditame da comisión informativa de Facenda ese mesmo luns e polo tanto teñen coñecemento delas.

O Sr. López Fidalgo quéixase de que se trate de facturas de fai moito tempo por eso non entende a prisa en aprobalas e que tampouco entende que non se incluíran no expediente de modificación de crédito 1/2019.

Sen máis intervencións, sométese a votación a urxencia da sesión co seguinte resultado:

Votos a favor (6): Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE), Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)

En contra (1): Ángel López Fidalgo (PP).

Resultado desta votación a proposta de aprobación da urxencia da sesión resulta aprobada.

## **SEGUNDO.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 2/2019, POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.**

O Alcalde expón resumidamente o ditame da Comisión informativa do 30.09.2019 que ten o seguinte contido:

*"SEGUNDO.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2/2019, MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA.*

*Con data 27.09.2019 emitíuse Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.*

*Con data 27.09.2019 emitíuse informe de Secretaría-intervención sobre a Lexislación aplicable e o procedemento para seguir así como favorable a proposta de modificación orzamentaria.*

*Realizada a tramitación legalmente establecida propónse ao Pleno a adopción do seguinte. DITAME:*

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 2/2019 na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior, como segue a continuación :

**ORZAMENTO DE GASTOS  
APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS INCREMENTADAS OU DOTADAS DE CRÉDITO**

	Pro.	Eco.	Descrición	SC II	CE II	TOTAL
1	231	62300	Maquinaria		2600	
2	323	62500	Mobiliario.		650	
3	336	68200	Edificios y otras construcciones		1250	
4	337	63200	Edificios Industriales		6700	
5	338	62500	mobiliario festejos		4850	
6	342	62500	Mobiliario.		6100	
7	1532	60900	Otras inversiones nuevas en infraestructuras y bienes destin		6000	
8	1621	62900	Otras inversiones nuevas asociadas al funcionamiento operati		2300	
9	231	45000	Aportación programa ""Xantar na Casa""	12400		
10	231	46200	Programa educación familiar	9200		
11	231	48000	Subvenciones beneéficas y asistenciales	2700		
12	943	46600	Cuotas Fegamp, FEMP	500		
13	912	22601	Atenciones protocolarias	1700		
14	912	22602	Publicidad y propaganda		4000	
15	912	23300	Asistencia a sesiones de la Corporación	21000		
16	920	22706	Estudios y trabajos técnicos	100000		
17	924	21200	Edificios y otras constru		2000	
18	932	22708	Servicios de recaudación	6000		
19	454	21000	Reparaciones y mnto. caminos vecinales	50000		
20	459	22199	Otros suministros para infraestructuras	8000		
21	312	22103	Combustible calefacción centro de salud	2500		
22	326	22300	Excursiones alumnos grupo Escolar	4000		
23	337	21200	Reparaciones y mantenimiento edificios tiempo libre	1000		
24	338	22699	Otros gastos feira da troita	5000		
25	231	22799	Ayuda a domicilio ""Dependencia""	20000		
26	430	22606	Reuniones, conferencias y cursos. Comercio y turismo	7300		
27	136	22799	Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales (desbroces)	10500		
28	160	21300	Maqu., instalac.y utilillaj	12000		
29	161	22199	Otros suministro servicios de aguas	4500		
30	161	22799	Otros trabajos para suministro de aguas	26900		
31	165	21300	Reparaciones y mantenimiento alumbrado público	3600		
32	1622	22799	Gestión de RSU	2000		
<b>TOTAL</b>				<b>310800</b>	<b>36450</b>	<b>347250</b>

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

**ORZAMENTO DE INGRESOS  
RECURSOS QUE FINANCIAN A MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.**

<b>Aplicación</b>	<b>Denominación</b>	<b>Importe</b>
870.10	Remanente de Tesoureria para Gastos Xerais	347.250

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto para realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica].

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

O Alcalde cede a palabra ao Sr. López Fidalgo que comeza sinalando que non existe control nin responsabilidade na xestión do diñeiro dos veciños porque aprobou dous expedientes un de 900.000 € e outro de 350.000 €.

A continuación sorpréndese de que a Interventora non precise nada respecto do procedemento de contratación nin a contía das facturas.

O Alcalde debate co Sr. López Fidalgo sobre as obrigas de informar da Secretaria-interventora. A continuación a Secretaria-interventora informa ao Sr. López Fidalgo que as apreciacións sobre a xestión económica xa se fixeron non aterior informe ao expediente de modificación orzamentaria.

O Sr. López Fidalgo continúa preguntando polas dotacións para edificios industriais e o seu contido. O Alcalde resposta que son para pagar as sillas das oficinas municipais.

O Sr. López Fidalgo remata a súa intervención solicitando copias das facturas incluídas en cada aplicación.

Rematado o debate sométese a votación a proposta da Alcaldía, co seguinte resultado:

Votos a favor (6): Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE), Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)

En contra (1): Ángel López Fidalgo (PP).

Como resultado da votación a proposta da alcaldía queda aprobada.

### **TERCEIRO.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2019.**

O Alcalde expón resumidamente o ditame da Comisión informativa do 30.09.2019 que ten o seguinte contido:

O Alcalde cede a palabra a/o voceira/o do para que expoña a proposta de moción co seguinte contido:

### **CUARTO.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DENDE O NÚMERO AO NÚMERO .**

O Alcalde cede a palabra a/o voceira/o do

Finalizado o debate, non hai máis intervencións e finaliza o estudo do punto da orde do día.

### **QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS**

O Alcalde cede a palabra a/o voceira/o do

Finalizado o debate, non hai máis intervencións e finaliza o estudo do punto da orde do día.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e vinte minutos, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE*